

# 28<sup>º</sup> Certame de narracións breves

MA  
NU  
EL  
MUR

A  
I  
G  
UR

Eduardo Casal



Paseo fluvial s/n, 15142 Arteixo (A Coruña)  
Tel. +34 981 641 803 (Ext: 4100) / Fax 981 641 879  
[cultura@arteixo.org](mailto:cultura@arteixo.org) / [www.arteixo.org](http://www.arteixo.org)

*O Concello de Arteixo, para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar ao noso Patriarca, convoca con carácter anual o 28º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía coas seguintes*

## **BASES**

1. Poderán concorrer todas as autoras e autores que o desexen con unha única obra, de temática libre e escrita en lingua galega.
2. Os relatos, que deberán ser orixinais e inéditos en calquera soporte (papel, electrónico, etc.), deberán ofrecer unha extensión non inferior a 15 páxinas nin superior a 30, estar escritos con letra arial, corpo 12 e tamaño DIN A4.
3. Os traballos presentaranse por cuadriplicado, mecanografados a duplo espazo, por unha soa cara e incluírán unicamente na portada o título da obra e un lema ou pseudónimo. Xuntarase unha copia do texto nun PEN ou CD en formato LibreOffice, Word ou similar. Nun sobre pechado, no que tamén serán visibles o título e o lema, achegaranse no seu interior o título, o lema, o nome, o enderezo, o teléfono, unha fotocopia do DNI e o currículo do autor ou autora.
4. As obras deberán enviarse facendo constar no sobre “28º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía” até o 15 de febreiro de 2019 ao seguinte enderezo.

*Concello de Arteixo  
Praza Alcalde R. Dopico, nº 1  
15142 Arteixo  
A Coruña*

5. Establécense tres premios: un primeiro premio dotado con 4.000,00 €, un segundo de 1.500,00 € e un terceiro de 600,00 €, todos eles sometidos á correspondente retención. Os galardóns poden declararse desertos.
6. O xurado, constituído por membros de recoñecida solvencia, será designado polo Concello de Arteixo e fará pública a súa decisión inapelable no mes de maio de 2019.
7. Os tres finalistas deberán estar presentes o día 10 de maio no acto de entrega para recibir os premios, salvo ausencia debidamente xustificada.
8. Os orixinais non premiados poderán ser devoltos, sempre que o soliciten os seus autores/as por escrito no prazo máximo dun mes a partir do ditame.
9. No caso de que por iniciativa do Concello se editen os textos en papel, os dereitos derivados de tal publicación poderán ser aboados mediante a entrega dun número de exemplares calculado a tal efecto. Os autores farán constar en edicións en papel ou electrónicas posteriores da súa obra que foi premiada neste certame.
10. A interpretación destas bases corresponde exclusivamente ao xurado. O feito de participar no certame supón a aceptación das presentes bases.

Arteixo, novembro de 2018

De conformidade co que dispón a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Arteixo, para o envío de información relacionada co Certame de Narracións Breves Manuel Murguía. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación e rectificación e oposición comunicándoo por escrito no Rexistro Xeral do Concello.